Tendo en conta estes distintos escenarios que se poden presentar, expoñeremos en primeiro lugar as ferramentas destinadas á avaliación dos criterios e estándares de aprendizaxe recolleitos no currículo que se levarán a cabo se a actividade lectiva é presencial ou semipresencial:

- **Unha proba de avaliación inicial** ao comezo do curso para pescudar o nivel de coñecementos do alumnado e determinar o nivel de ensino do que partir. En caso de consideralo necesario, tamén poderá realizarse ao iniciar as distintas unidades.
- **Ficha persoal de observación** directa e sistemática para realizar un rexistro continuo de datos sobre a realización de tarefas, participación nas actividades cotiás da aula, traballo en grupo, hábitos escolares, actitude, dominio de técnicas e adquisición das aprendizaxes. Con iso preténdese realizar unha avaliación formativa que aporte datos ao profesor para poder axustar niveis e ritmos, de maneira que a aprendizaxe sexa o máis personalizada posible.
- **Unha avaliación sumativa** ao final de cada trimestre que se obterá por medio de:
 - a) A realización de **probos escritos** específicas para valorar a adquisición dos contidos conceptuais e procedimentais.
 - b) A produción de **traballos de creación**, seguindo os modelos textuais analizados en clase.
 - c) A elaboración de **traballos de investigación**, individuais ou en equipo, manexando todo tipo de fontes.
 - d) Actividades e tarefas habituais na aula que serán avaliadas mediante rúbricas e recolleitas no caderno de aula.

Se a actividade lectiva é non presencial, manterase a proba de avaliación inicial e a ficha persoal de observación; sen embargo, na avaliación sumativa teremos que facer adaptacións que nos permitan avaliar ao alumnado a través do traballo online. Esta avaliación se obterá da :

- a) Elaboración de tarefas, actividades, traballos de creación e investigación. Estes serán enviados telemáticamente polo alumnado coa conseguinte corrección e devolución por parte do profesorado e avaliados, preferentemente, a través de "rúbricas" ou guías moi sinxelas, instrumento que facilitará a súa valoración.
- b) Realización de probas online como medida excepcional para valorar a adquisición dos contidos conceptuais e procedimentais,

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

A proposta didáctica deste Departamento baséase no concepto de que a profesora pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o alumno ou alumna adquire un maior grado de protagonismo. Para iso intentamos:

1. Favorecer a aprendizaxe significativa, que supón un proceso de interactividade profesora-alumno e alumno-alumno, a través da motivación positiva do alumnado ante os conceptos que debe aprender mediante:

- A presentación da utilidade dos coñecementos que debe aprender para afrontar situacións comunicativas diversas.
- O tratamento dos contidos intentando relacionalos coa súa experiencia vital.
- Presenza do lúdico e creativo.
- Emprego de gráficos e imaxes que amenizan e aclaran conceptos.
- A elección de textos de acordo cos seus intereses e desenvolvemento psicolóxico.
- A activación das ideas previas mediante a avaliación inicial e a organización cíclica dos contidos.

2. Conseguir que os alumnos sexan os verdadeiros protagonistas do seu proceso de aprendizaxe, mediante o emprego dunha metodoloxía que potencie o razoamento inductivo e que aúne o traballo individual e en grupo, intentará:

- Que aprendan a aprender, que manteñan unha actitude activa ante a propia aprendizaxe e que adquiran métodos de análise científica.
- Que desenvolvan uns criterios propios e unha actitude ética e cívica de acordo cos valores dunha sociedade democrática, libre e tolerante.

A planificación da labor educativa non se limita só a facerlle chegar ao alumno unha serie de coñecementos lingüísticos e literarios, senón a dotarlle duns recursos persoais e intelectuais e duns valores que lle faciliten a súa socialización. En consecuencia, o obxectivo último desta materia é o **desenvolvemento da competencia comunicativa** do alumno, é dicir, a adquisición de cantos coñecementos e procedementos lle sexan necesarios para comunicarse satisfactoriamente en diferentes ámbitos e contextos sociais, sen esquecer, lóxicamente, unha **educación literaria** que lle permita ler e gozar cos textos literarios máis significativos do noso ámbito cultural. Ademais, e en función das aprendizaxes adquiridas previamente, o alumno debe progresar convenientemente na **comprensión e na creación de textos orais e escritos** con adecuación á situación comunicativa e ao xénero discursivo, así como no emprego variado e rigoroso do sistema lingüístico, o que enriquecerá a súa linguaxe oral e escrita. A estes fins cabe engadir que o alumno coñeza as relacións existentes entre a lingua e a sociedade, de maneira que poida apreciar a existencia de diferentes variedades lingüísticas e valorar a realidade plurilingüe de España como fonte de riqueza cultural. Finalmente é necesario subliñar a **importancia da lectura comprensiva**, fundamental para actualizar e ampliar os coñecementos.

Dado que a sociedade actual require do noso alumnado a capacidade de enfrontarse a unha gran cantidade de información, o seu tratamento forma parte dos nosos obxectivos. Por iso, na nosa metodoloxía integramos o manexo de diversas fontes e soportes, utilizando tanto medios audiovisuais como informáticos, enfrontando ao alumno coa tarefa de procura, selección, análise e interpretación da información, así como no desenvolvemento da súa capacidade crítica. Para iso contamos cos recursos da Biblioteca Escolar e das aulas de informática.

En todas as unidades didácticas, tanto da ESO como de Bacharelato, recóllese algunha actividade de **uso das Tics**. Ademais os alumnos deben realizar traballos onde se potencia o manexo das distintas fontes da información. En todos os niveis fórmase ao alumnado nas estratexias de procura e transmisión da información utilizando todo tipo de soportes, para conseguir a súa autonomía persoal mediante o emprego crítico da información. Parte importante da metodoloxía a constitúen todas as accións previstas para o fomento da lectura. O currículo inclúe o uso de soportes electrónicos na composición de textos, de modo que pode abordarse máis eficazmente algunhas operacións que interveñen no proceso de escritura (planificación, execución do texto, revisión) e que constitúe un dos contidos básicos desta materia. Os obxectivos xerais recollidos no **Proxecto Lector** do noso centro, tamén están na nosa programación, por exemplo: potenciar a comprensión lectora como base de todo aprendizaxe, como axuda para mellorar a comunicación oral e escrita, e como estímulo do espírito crítico; integrar as actividades de comprensión lectora no contexto da clase e no traballo diario; traballar a lectura comprensiva conxuntamente coa escritura e a expresión oral; implicar na lectura ao alumnado, buscando fórmulas atractivas e motivadoras; facer que o alumnado entenda a importancia que ten para a súa aprendizaxe o feito de comprender ben o que le e afacelo a empregar o dicionario.

Como a formación da lectura comprensiva esixe un traballo progresivo e continuado, na materia de lingua castelá e literatura traballamos con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios... en soporte impreso ou electrónico. Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector temos en conta, non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser capaces de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como á súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe e fonte de pracer.

No caso de que a actividade lectiva sexa semipresencial ou non presencial, en función da situación sanitaria por mor do COVID 19, na metodoloxía didáctica se utilizarán preferentemente os recursos dixitais e as actividades educativas deseñadas poderánse desenvolver de forma presencial ou non presencial, ademais de que terán un carácter eminentemente práctico e intentarán potenciar o proceso de avaliación continua.

A través da aula virtual na plataforma moodle e contando con o correo electrónico para manter unha comunicación fluída cos nosos alumnos, realizaranse actividades de diferente tipo. No caso de que a actividade sexa semipresencial ou non presencial, subirase á aula virtual con unha temporalización semanal, os contidos que se irán traballando na aula xunto coas actividades, tarefas ou traballos de creación ou investigación, que permitan ao alumnado que non poida asistir á clase presencial o seguimento diario do proceso de ensino.

Por outra banda, manteranse da cordo co horario que lle corresponda a cada grupo vídeo chamadas para corrixir dúbidas e aclarar contidos en tódolos niveis:

- Exercicios interactivos auto correxibles que lles sirvan de repaso ós contidos xa traballados. Comprobaremos que os fan a través do informe de actividade.
- Fichas de repaso dos mesmos contidos. Unhas veces serán corrixidas; outras, enviaremos as solucións para facelos responsables do seu propio aprendizaxe.
- Actividades do libro de texto sobre contidos que deben repasar o, en algún caso, ampliar.

- Enlaces a vídeos ou páxinas web que lles axuden a contestar cuestionarios sobre contidos de gramática ou de literatura.
- Presentaranse diversas propostas que axuden a practicar a distinta tipoloxía textual. Estes temas na aula virtual recollen: una proposta sobre o tipo de texto, un esquema coas partes do traballo, una rúbrica cos criterios de corrección e unha tarefa para que poidan enviar o seu traballo para a corrección.
- Obra de lectura obrigatoria: en todos os niveis, teñen que ler una obra que será avaliada por medio dun traballo escrito que responde a una guía de lectura.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

ESO.

Na ESO tense prevista a utilización dos seguintes materiais:

- O libro de texto da editorial Anaya (para todos os cursos da ESO) con todos os recursos dixitais que posúe.
- Ordenador persoal do alumno das aulas Abalar no primeiro ciclo de ESO
- Cadernos, folios, material fotocopiado.
- Libros de literatura xuvenil.
- Textos procedentes dos medios de comunicación: prensa, revistas...
- Recursos da biblioteca do Centro.
- Recursos informáticos manexados pola profesora coa pizarra dixital ou desprazando aos alumnos ás aulas de informática.
- Medios informáticos e recursos da aula virtual a través da plataforma Moodle.

BACHARELATO.

Previuse a utilización dos seguintes materiais:

- Libro de texto da editorial Casals para 1º de Bacharelato. En 2º de Bacharelato non hai libro, trabállase con material fotocopiado.
- Cadernos, folios, material fotocopiado.
- Libros de lectura obrigatoria.
- Textos procedentes dos medios de comunicación: prensa, radio, TV.

- Recursos da biblioteca do Centro e da municipal.
- Medios informáticos e recursos do aula virtual a través da plataforma Moodle.

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

7.1. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN.

O Departamento de Lingua Castelá publica, coa axuda do equipo directivo, a súa programación didáctica na páxina Web do Centro onde se especifican os contidos mínimos e os criterios de avaliación.

Cada profesora, a principios de curso, informa aos alumnos dos obxectivos da materia, a metodoloxía e os criterios de avaliación. Finalmente, no taboleiro de cada aula, colócase esta información.

As ferramentas de avaliación que se utilizan para valorar a consecución dos obxectivos didácticos son:

- **Unha proba de avaliación inicial** ao comezo do curso para pescudar o nivel de coñecementos do alumnado e determinar o nivel de ensino do que partir. En caso de consideralo necesario, tamén poderá realizarse ao iniciar as distintas unidades.
- **Ficha persoal de observación directa e sistemática** para realizar un rexistro continuo de datos sobre a realización de tarefas, participación nas actividades cotiás da aula, traballo en grupo, hábitos escolares, actitude, dominio de técnicas e adquisición das aprendizaxes. Con iso preténdese realizar unha avaliación formativa que aporte datos ao profesor para poder axustar niveis e ritmos, de maneira que a aprendizaxe sexa o máis persoalizado posible.
- **Unha avaliación sumativa** ao final de cada trimestre que se obterá por medio de:
 - a) A realización de **probos escritos específicos** para valorar a adquisición dos contidos conceptuais e procedimentais.
 - b) A produción de **traballos de creación**, seguindo os modelos textuais analizados en clase.
 - c) A elaboración de **traballos de investigación**, individuais ou en equipo, manexando todo tipo de fontes.
 - d) Actividades e tarefas habituais no aula que serán avaliadas mediante rúbricas e recolleitas no caderno de aula.

Todos os modelos de exame previstos conterán a valoración numérica a cada pregunta ata un máximo de 10 puntos. Coa maior brevidade, entregaráselles aos alumnos xa corrixidos e suficientemente explicados para avaliar de forma conxunta a proba.

No caso de que a actividade lectiva sexa non presencial, en función da situación sanitaria por mor do COVID 19, e non se podan realizar probas escritas, estas poderán ser substituídas por probas online na aula virtual a través da plataforma Moodle. O que permitirá, xunto coas outras ferramentas da avaliación, valorar o nivel de adquisición das aprendizaxes imprescindibles.

7.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Na ESO terase en conta non só as **probas escritas** (cuxo valor porcentual na nota final de avaliación non excederá o 70%) senón tamén o **traballo diario** recolleito na ficha persoal de observación, onde se avaliará a realización das tarefas diarias, a **participación** na aula... Este traballo será valorado cun 10% da nota de avaliación. Tamén será importante para a nota de avaliación a cualificación dos **traballos de creación** obrigatorios e voluntarios e as **lecturas realizadas**, ata un 20%, que se avaliarán mediante rúbricas e probas escritas.

No caso de que non se poidan realizar probas escritas, xa que a actividade lectiva non sexa presencial, poderánse facer probas on line, que consistirán non so en exames de contidos, senón tamén en tarefas e actividades cuxo valor porcentual na nota final de avaliación non excederá o 70 %. A realización das tarefas e actividades diarias será valorado cun 10% e os traballos e as lecturas cun 20%.

Por outra banda, valorarase desfavorablemente (ata un punto) a utilización, tanto na expresión oral como na escrita, dun rexistro inadecuado así como que se cometan faltas de expresión e ortográficas de forma reiterada.

No **Bacharelato** observarase o traballo do alumnado na aula (se realiza de forma adecuada as actividades e as corrixe, se sabe tomar notas e apuntes), o nivel de oralidade (capacidade discursiva, pronunciación e entoación, ordeación de ideas, capacidade de argumentación), a lectura expresiva e a capacidade de organización do traballo.

No **Bacharelato** os exames de contidos terán unha valoración do 90% da nota, reservando o 10% restante á lectura de obras obrigatorias en 1º de Bacharelato e unha valoración do 80% da nota, reservando o 20% restante á lectura de obras obrigatorias en 2º de Bacharelato.

Realizaranse, polo menos, dúas probas escritas por trimestre. A nota media entre os exames será obtida en función da materia que inclúa cada un, aínda que se procurará que sexa sempre do 50%. Cada unha delas conterá un texto a partir do cal se suscitaran diversas cuestións relativas a:

- A comprensión do texto: Identificación do tema. Resumo ou esquema. Estrutura. Comentario crítico.
- A lingüística: Léxico. Gramática. Convencións ortográficas.
- O tipo de texto, a variedade lingüística, recursos estilísticos e técnicas literarias.

- As lecturas obrigatorias.

- A historia da literatura.

A redacción (estrutura xerarquizada de ideas, construcións lingüísticas correctas, emprego de vocábulos con propiedade) e a ortografía (sen omisións, excesos ou vacilacións no uso adecuado de letras, acentos, diérese e signos de puntuación) considéranse o soporte obrigado da escritura de calquera alumno; as súas deficiencias influirán de forma negativa na cualificación podendo restar ata dous puntos sobre a nota final da avaliación.

Terase en conta a capacidade para acceder de forma autónoma ás fontes de información, para seleccionar nelas os datos pertinentes en relación cun determinado propósito, para organizar esta información mediante fichas, resumos, esquemas, etc. e para reutilizala na elaboración dun texto argumentativo.

En 2º de Bacharelato, os alumnos deberán realizar e entregar, polo menos un comentario crítico por avaliación. Supoñerá un 5% da nota final de trimestre. Na valoración dos textos producidos polos alumnos terase en conta, ademais da relevancia dos datos de acordo coa finalidade do texto, a solidez da argumentación, a organización coherente dos contidos, a cohesión dos enunciados sucesivos do texto e o rexistro adecuado. Teranse tamén en conta o uso apropiado de procedementos de citación (notas ao pé de páxina, comiñas, etc.) e a inclusión correcta da bibliografía consultada.

Valoraranse non só as probas escritas senón tamén o traballo diario recolleito na ficha persoal de observación, onde se avaliará a realización das actividades da aula, a participación, o interese polo traballo e a superación das dificultades, podendo sumar ata medio punto sobre a nota da avaliación.

Tamén será importante para a nota da avaliación a cualificación dos traballos de creación onde practiquen a procura de información e a redacción, as lecturas realizadas e os comentarios de textos que se lles vaian propoñendo. Os criterios de cualificación quedarán detallados nos seus correspondentes rúbricas. Este traballo poderá sumar ata un punto sobre a nota da avaliación.

No Bacharelato no caso de que non se poidan realizar probas escritas, xa que a actividade lectiva non sexa presencial, se poderán facer probas on line, que consistirán non so en exames de contidos, senón tamén en tarefas e actividades cuxo valor porcentual na nota final de avaliación será:

- En 1º de Bacharelato non excederá o 90%. A proba de lectura obrigatoria será valorada cun 20%.
- En 2º de Bacharelato as probas on line serán valoradas cun 80% e a proba das lecturas obrigatorias cun 20%.

Nesta situación de non presencialidade se lle dará máis valor ao traballo diario que se irá facendo a través da aula virtual e que permitirá ver como o alumnado vai adquirindo as aprendizaxes imprescindibles que lle permitan obter unha cualificación positiva para poder continuar co proceso de aprendizaxe.

ESO	Cualificación de probas e traballos		Cualificacións negativas	
	Probas escritas ou telemáticas	70%	Expresión oral e escrita inadecuada, faltas de ortografía...	Resta ata un punto na nota da avaliación
	Traballo diario	10%		
	Traballos creación e lecturas	20%		

1º BACHARELATO	Cualificación de probas e traballos		Cualificacións positivas		Cualificacións negativas	
	Probas escritas ou telemáticas	90%	Capacidade de organización do traballo e de corrección do mesmo	Ata 0.5 puntos máis.	Redacción e ortografía defectuosas	Ata 2 puntos menos da nota da avaliación
Lecturas	10%	Entrega incompleta ou fora de prazo das tarefas				
2º BACHARELATO	Probas escritas ou telemáticas	80%	Participación Traballos de creación	Ata 1 punto máis	Nivel de oralidade incorrecto	
	Lecturas	20%				

7.3. PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Para obter cualificación positiva na materia, o alumno deberá aprobar as tres avaliacións. De non ser así, terá que presentarse a unha proba en xuño que versará sobre os contidos mínimos e que supoñerá:

- Na ESO os exames de contido terán unha valoración do 70% da nota final. Estes exames poderán incluír algunha lectura obrigatoria non realizada polo alumno. O 30% restante da nota se obterá do traballo diario, as lecturas e os traballos de creación realizados ó longo do curso.

- No Bacharelato os exames de contidos terán unha valoración do 90% da nota, reservando o 10% restante á lectura de obras obrigatorias en 1º de Bacharelato e unha valoración do 80% da nota, reservando o 20% restante á lectura de obras obrigatorias en 2º de Bacharelato.

Realizarase unha recuperación dos contidos en cada avaliación. No caso da ESO, só se poderá recuperar un 70 % da nota xa que o traballo diario, as lecturas obrigatorias e os traballos de creación non se avalía con exames. De non aprobar por avaliacións, o alumno se terá que presentar a unha proba en xuño (en maio para os de 2º de Bac) que versará sobre os contidos mínimos de cada avaliación, incluídas as lecturas obrigatorias. No caso de que non supere esta proba, deberá presentarse ao exame extraordinario de setembro (en xuño para os de 2º de Bac).

O alumno ao final de curso terá que demostrar o coñecemento de polo menos dúas das lecturas obrigatorias do curso (tres no caso dos alumnos de 2º e Bac). De non facelo deberá ser examinado delas na proba extraordinaria de setembro. A nota final de Xuño será a media das notas obtidas nas tres avaliacións para o que é necesario superar cada unha delas. De todos os xeitos, terase en conta a evolución, positiva ou negativa, do alumno ao longo do curso, tendo presente o principio de avaliación continúa.

As actividades de recuperación que propoñeremos aos alumnos que presenten dificultades son os seguintes:

- **Repetición dos traballos propostos** que estean deficientemente realizados, introducindo as correccións oportunas coa orientación do profesor que, en todo momento, debe informar ao alumno das súas posibilidades de recuperación mediante o emprego de rúbricas.

- **Tarefas de reforzo** daqueles aspectos que se consideren necesarios: exercicios especiais de vocabulario, de ortografía, de comentario de textos, etc.

- **Tarefas** que favorezan o cambio de actitude na realización dos traballos en grupo.

- **Exercicios de adquisición de técnicas de estudo.**

- **Repetición de probas de adquisición de conceptos.**

- Realizarase unha **proba en xuño** a aqueles alumnos que non logren unha cualificación positiva nalgunha das avaliacións trimestrais.

- Realizarase unha **proba en setembro** a aqueles alumnos que non logren unha avaliación positiva en xuño.

En caso de que o alumnado non poida asistir á aula estas actividades de recuperación se recollerán en apartados específicos dentro da aula virtual e se realizarán de forma telemática. Ditas actividades estarán orientadas, en todo caso, a reforzar a aprendizaxe do alumno e a informarlle das súas capacidades e limitacións, así como dos seus progresos, favorecendo a súa autoestima e a adopción dunha postura crítica e reflexiva que lle axude a superar as súas dificultades.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Ao final de cada avaliación os membros do Departamento se reunirán para analizar os resultados da mesma e ver en qué medida se lograron os obxectivos propostos para ese trimestre. Os nosos indicadores de logros se fundamentarán en si se conseguiu impartir o 80% de materia proposta e si a porcentaxe de aprobados supera as tres cuartas partes do grupo a avaliar. A partir dos resultados obtidos, se reformulará a práctica docente para mellorar as desviacións con respecto a devanditos indicadores. Todas as modificacións que se vaian facendo ao longo do curso, recolleranse na memoria final de curso.

9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

ESO

As profesoras que imparten clase no grupo no que haxa alumnado coa materia de Lingua Castelá de cursos anteriores pendente de aprobar se encargaran de programar unhas actividades de reforzo e recuperación que lles axuden a alcanzar os mínimos esixidos, que se recollen na programación de cada curso. Estas actividades están organizadas en unidades que se lles van proporcionando aos alumnos que deben entregalas para a súa corrección. Ademais, se lles realizará un exame por trimestre que lles obrigue a levar esa materia ao día.

A principio de cada trimestre, se lles entrega un documento onde se especifica a materia, os exercicios e traballos de repaso que deben realizar, as datas para entregalos e a data do exame.

A profesora responsable encargárase de facer un seguimento e avaliación dos progresos dos alumnos para determinar en qué momento poden considerarse alcanzados os obxectivos da materia. Ademais terase en conta o traballo que estean realizando no nivel no que o alumno está matriculado, así como o interese e esforzo que mostren por mellorar nas habilidades lingüísticas. Por outra banda, ó contar con clases de reforzo en todos os niveis da Eso, estes alumnos xa contan cunha atención máis personalizada.

En cada avaliación darase conta aos titores e aos pais do progreso do alumno na materia pendente. Aqueles alumnos que non aproben mediante este proceso de avaliación continua someteranse no mes de maio a un exame, tal como establece a actual normativa, e, se o suspenden de novo, deberán presentarse á proba extraordinaria de setembro.

Neste curso, non contamos con alumnos de ESO coa materia de *Lingua castelá e Literatura* pendente.

BACHARELATO

En Bacharelato só se realizarán dúas probas que aborden os contidos mínimos da materia de 1º. Se o alumno aproba os dous exames (non se fará media por baixo dun 4), xa non terá que presentarse á proba oficial de maio e lle quedará recuperada a materia. A principio de curso e antes das vacacións de Nadal, entréganselles sendos documentos onde se especifica a materia de cada exame, os exercicios de repaso que poden realizar para preparala, as datas para entregalos e a data do exame.

Darase conta aos titores e aos pais do progreso do alumno na materia pendente aínda que, ao evitar que as datas de exames coincidan coas de 2º de Bacharelato, estas notificacións non poderán coincidir cos boletíns de notas.

Este ano contamos con dous alumnos de 2º de Bacharelato coa materia de *Lingua castelá e Literatura* do primeiro curso suspensa.

Tendo en conta que a actividade lectiva poderá ser non presencial ou semipresencial, estas actividades as imos ter activas a través dun curso específico da aula virtual, onde se subirá todo o material que permita ao alumnado recuperar a materia pendente.

10. DISEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS QUE SE PODEN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Avaliación inicial

Nos primeiros días do curso, realizarase unha avaliación inicial que axude a identificar que aprendizaxes imprescindibles do terceiro trimestre do curso 2019-20 no foron adquiridas. De acordo cos resultados obtidos, realizaranse tarefas de reforzo que permitan ao alumnado ir adquirindo ditas aprendizaxes. A avaliación inicial xunto coa análise dos informes individualizados de cada alumno permitirán valorar o nivel de comprensión oral e escrita e detectar aos alumnos con dificultades de aprendizaxe na nosa materia. Estes alumnos adoitan ser máis que os que contan con ACS. Unha vez obtidos os resultados, como este curso contamos con reforzo de Lingua castelá nos tres cursos da ESO, aproveitaremos esas horas para que estes alumnos con dificultades, ao traballar en grupo reducido, poidan lograr os mesmos obxectivos de etapa.

Alumnos repetidores

O alumnado repetidor da ESO poderá seguir un programa específico personalizado, unha vez se detecten as súas dificultades trala avaliación inicial e os informes do curso anterior. Este programa seguirá as mesmas pautas que o de recuperación de pendentes para aqueles alumnos que non formen parte dos agrupamentos específicos aínda que cun seguimento maior. Será supervisado pola profesora que lle dá clase que recollerá nunha ficha de observación semanal os avances ou problemas que presente para seguir o ritmo do traballo marcado. Do mesmo xeito, contarán cun traballo específico adaptado ás súas necesidades pero que lles axude a alcanzar os indicadores de logro mínimos marcados na programación. En caso de que a actividade lectiva sexa non presencial, este traballo estará visible na aula virtual.

Adaptacións curriculares (ACS)

Estamos pendentes de recibir informes sobre os alumnos de 1º ESO na avaliación inicial para saber se contamos con alumnos con necesidades educativas que requiran a elaboración de ACS. En 2º de ESO temos unha alumna con ACS de referencia 5º de Primaria. O curso anterior contamos unha sesión semanal coa axuda da PT para guiar á alumna no proceso de aprendizaxe. Neste curso o apoio por parte desta para atender aos alumnos que teñen ACS dependerá da súa dispoñibilidade despois de cubrir horas nas materias que non teñen reforzo.

Reforzos fóra da aula

Tras a avaliación inicial, detectaranse os alumnos que precisen de reforzo. Este será impartido fóra da aula por outro profesor.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Todas as programacións elaboradas por este Departamento son permeables aos cambios que as profesoras introducen habitualmente na práctica co obxectivo de atender a todos os alumnos. A clasificación, xerarquización e ordenación das actividades (tanto si son do libro de texto como si as elaborou a profesora) están pensadas de xeito tal que facilitan as seguintes estratexias de atención á diversidade:

- Distinguir claramente contidos prioritarios e contidos complementarios ou de ampliación.
- Propoñer actividades diferenciadas (de repaso, reforzo e ampliación dos contidos) en función da distinción establecida nos contidos.
- Secuenciar as actividades de comprobación e consolidación para que presenten unha dificultade progresiva e unha gran variedade de estratexias e destrezas.
- Utilizar metodoloxías diversas.
- Empregar materiais variados.
- Favorecer agrupamentos de clase que posibiliten a interacción.

A atención á diversidade supón recoñecer diferentes motivacións, capacidades, intereses e estilos de aprendizaxe, por iso, ao iniciar unha unidade didáctica introdúcense unhas actividades iniciais (orais na maioría dos casos) que permiten ao alumno un primeiro contacto co tema; a través delas, a profesora detectará a situación dos alumnos e poderá introducir as modificacións que considere oportunas; así a profesora poderá adaptar os contidos de acordo coas necesidades do grupo.

Tanto as unidades didácticas do libro de texto como o material facilitado pola profesora directamente ou na aula virtual inclúen:

- Tarefas interactivas que permiten interrelacionar contidos conceptuais.
- Tarefas de ensino-aprendizaxe e investigación que permiten ampliar ou reforzar.
- Tarefas de apoio con diferentes grados de dificultade.
- Tarefas comentadas que inclúen temas transversais.

Finalmente, a selección e utilización de materiais variados, usados con racionalidade e no momento adecuado, facilitan a atención á diversidade. No caso de *Lingua castelá e Literatura*, o libro de texto e o material elaborado polas profesoras se complementa con obras literarias completas, antoloxías, películas achega das obras e autores estudados, obras de consulta, prensa habitual, gravacións...

Como todos os anos a coordinación da labor da PT co alumnado con necesidades educativas especiais será imprescindible para conseguir que este alumnado poida ser atendido na cantidade e calidade necesarias. Aínda están por determinar as horas de atención da PT e si o apoio o fará dentro o fóra da aula.

Os reforzos de atención á diversidade concéntranse, o mesmo que nos anos anteriores, nos niveis de 1º ESO e 2º ESO e este ano tamén o teremos en 4º ESO. Tras realizar a avaliación inicial decidirase que alumnos necesitan dito reforzo e este será impartido por outro profesor fóra da aula.

12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os elementos transversais trabállanse dunha forma moi dispar dentro da materia aínda que, como se verá neste sinxelo cadro, hai temas como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual ou o uso das Tics que se abordan en todos os bloques e en todos os cursos. Por outra banda, a variedade de lecturas que se lles propoñen aos alumnos provoca que se traballen moitos temas, sobre todo dentro da literatura xuvenil, que teñen que ver con estes elementos transversais aínda que aquí non se citen expresamente.

EDUCACIÓN SECUNDARIA

TEMAS TRANSVERSAIS	CICLO	BLOQUES
Comprensión lectora	1º	B-2 B-3 B-4
	2º	B-2 B-3 B-4
Expresión oral e escrita	1º	Todos os bloques
	2º	Todos os bloques
Comunicación audiovisual	1º	Todos os bloques
	2º	Todos os bloques
Tecnoloxías da innovación e a comunicación	1º	Todos os bloques
	2º	Todos os bloques
Emprendemento	1º	B-1 B-2
	2º	B-1 B-2

Educación cívica e constitucional	1º	B-1 B-2
	2º	B-1 B-2
Desenvolvemento sostible e medio	1º	B-2 B-4
	2º	B-2 B-4
Os riscos de explotación e abuso sexual	1º	B-2 B-4
	2º	B-2 B-4
Abuso e maltrato das persoas con discapacidade	1º	B-2 B-4
	2º	B-2 B-4
Situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das TIC	1º	B-4
	2º	B-4
Desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor	1º	Estes elementos abórdanse de forma esporádica cando son o tema dos numerosos textos que se traballan na materia.
	2º	
Protección ante emerxencias e catástrofes	1º	
	2º	
Adquisición das competencias para o desenvolvemento dos diversos modelos de empresa	1º	
	2º	
Fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario	1º	
	2º	
Ética empresarial	1º	
	2º	

BACHARELATO

TEMAS TRANSVERSAIS	CURSOS	BLOQUES
Desenvolvemento sostible e medio	1º / 2º	B-1 B-2

Os riscos de explotación e abuso sexual	1º / 2º	B-1 B-2
Abuso e maltrato das persoas con discapacidade	1º / 2º	B-1 B-2
Situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das TIC	1º / 2º	B-1 B-2
Desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor	1º / 2º	B-1 B-2
Protección ante emerxencias e catástrofes	1º / 2º	B-1 B-2
Adquisición das competencias para o desenvolvemento dos diversos modelos de empresa	1º / 2º	Non se traballan.
Fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario	1º / 2º	
Ética empresarial	1º / 2º	

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura adoptará as liñas de actuación do Plan anual de lectura que se establecerán na primeira CCP no mes de outubro e continuará coas xa iniciadas:

- Apoiar a actividade das “Mochilas viaxeiras” no primeiro ciclo da ESO.
- Colaborar na continuidade do club de lectura “Pantasma de papel”.
- Continuar os itinerarios lectores nos dous ciclos da ESO.
- Participar en “Tempo de ler”: 20 minutos diarios de lectura silenciosa en todos os niveis da ESO e en todos os tramos horarios.
- Crear glosarios de aula cos termos propios da materia.

As actividades propostas polo Departamento para este curso son as seguintes:

- Asistencia a algunha representación teatral con alumnos da ESO e de 1º de Bacharelato. Este curso a asistencia terá que ser por niveis, da cordo co protocolo anticovid que esixe realizar actividades sen mesturar niveis.
- Proxección de películas baseadas en obras de autores contemporáneos.
- Saídas para a realización de Rutas literarias en colaboración co Departamento de Lingua galega. Estas tamén terán que facerse para un so nivel.

- Participación en concursos literarios promovidos por diversas institucións.

Aínda que se realicen traballos para celebrar outras conmemoracións (Día do consumidor, Día da Paz...), nas que se participa máis directamente son:

- A semana da Prensa, do 17 ao 21 de marzo. Obradoiro de periodismo ofertado po participar no programa "Prensa na Escola" da Voz de Galicia.
- Día do Libro, 23 de abril.
- Colaboración coas actividades organizadas pola Biblioteca do Centro relacionadas co fomento da lectura e o desenvolvemento do Plan Lector.
- Como en anos anteriores, algúns alumnos colaborarán coa Biblioteca Municipal de Neda nas Xornadas Literarias que se celebrarán en abril e que este ano están dedicadas a Emilia Pardo Bazán, presentando pequenos relatorios.

14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura co fin de promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programacións didácticas, realiza unha reunión semanal onde, ademais de abordar as cuestións puntuais que vaian xurdindo (información e preparación de CCP, adquisición de material, organización de actividades propias ou en colaboración coa Biblioteca...), todos os membros comentan e toman decisións sobre os problemas que van xurdindo na posta en práctica das distintas programacións de aula, así como o seguimento a pendentes e alumnos con necesidades educativas especiais.

Estas decisións son recollidas nas actas das reunións e os acordos, ademais de ir afectando á marcha do curso, reflectiranse na memoria final do departamento para ser tidos en conta na programación didáctica do curso seguinte. Ademais, tamén analizamos os resultados de cada avaliación para tomar medidas que poidan suplir posibles carencias ou problemas que xurdan en cada grupo.

Polo tanto, cando iniciamos un novo curso, non só incluímos as novidades que a Lei de Educación vai levando a cabo, senón que revisamos toda a programación para recoller eses cambios e melloras que a nosa práctica docente nos indicou e que temos recollidos primeiro, nas actas e, finalmente, na memoria.

Ademais de todas estas medidas, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta

para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta se pode realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller melloras no seguinte. Dita ferramenta descríbese a continuación:

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización dos estándares			
Desenrolo dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			

Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Realización de actividades con relación ao Proxecto lector			
Realización de actividades con relación ao Plan de integración de TICs			

15. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS

CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN

O Departamento de Lingua Castelá publica, coa axuda do equipo directivo, a súa programación didáctica na páxina Web do Centro onde se especifican os contidos mínimos e os criterios de avaliación.

Cada profesora, a principios de curso, informa aos alumnos dos obxectivos da materia, a metodoloxía e os criterios de avaliación. Finalmente, no taboleiro de cada aula, colócase esta información.

ALUMNOS CON MATERIAS PENDENTES

A principio de cada trimestre, aos alumnos coa materia de Lingua Castelá e Literatura pendente do curso anterior se lles entrega un documento onde se especifica a materia, os exercicios e traballos de repaso que deben realizar, as datas para entregalos e a data do exame.

En cada avaliación darase conta aos titores e aos pais do progreso do alumno na materia pendente. Aqueles alumnos que non aproben mediante este proceso de avaliación continua someteranse no mes de maio a un exame, tal como establece a actual normativa, e, se o suspenden de novo, deberán presentarse á proba extraordinaria de setembro.

En 2º de Bacharelato tamén se dará conta aos titores e aos pais do progreso do alumno na materia pendente aínda que, ao evitar que as datas de exames co

En caso de que a actividade lectiva non sexa presencial, a comunicación cos alumnos farase fundamentalmente a través da aula virtual , ben a través da mensaxería ou a través do foro, o que permitirá ao alumnado pórse en contacto co profesorado e solucionar as dúbidas que se lles presenten. Co fin de que o alumnado, en especial o que non poida asistir á clase, saiba en todo momento o que estamos a traballar na aula iremos poñendo na aula virtual o esquema do temas que vaíamos vendo. Tamén se subirán actividades, tarefas, traballos e enlaces a páxinas web. Para un bo seguimento da actividade creouse no foro unha axenda semanal que permitirá ir informando cada semana do traballo a realizar.

Xa que este ano non poderán facerse tutorías de pais presenciais, a comunicación con estes poderase levar a cabo por calquera das seguintes vías: telefonicamente, mediante a aplicación abalar móbil ou a través do correo.

A comunicación cos alumnos e os pais poderá, cando se considere necesario, ser complementada con vídeo conferencias a través da aplicación cisco webex.